

Resolución do 2 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convocan os premios educativos Innovagal para os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE), destaca o valor e a necesidade da innovación como un dos eixos fundamentais do sistema educativo e da mellora escolar. Dentro da autonomía dos centros, estes poden “adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, plans de traballo” e outras medidas nos termos que establezan as Administracións educativas competentes. Para que esto sexa así, é fundamental o apoio da Administración e o recoñecemento desas boas prácticas innovadoras; papel que vén recollido no punto terceiro do artigo sesenta e un da citada Lei: “as Administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.”

Así mesmo, no seu artigo 90 especificábase que as comunidades autónomas poderán recoñecer e premiar o labor didáctico ou de investigación dos centros, facilitando a difusión entre os distintos centros escolares dos traballos ou experiencias que mereceron ese recoñecemento pola súa calidade e esforzo.

É este o marco legal onde se enmarca a presente convocatoria, cuxo obxectivo non é outro que recoñecer e apoiar as boas prácticas en materia de innovación educativa que se desenvolven nos centros educativos públicos da comunidade autónoma de Galicia, á par que reforzar a traxectoria deses centros cuns recursos que permitan a súa continuación no tempo, tal e como se vén facendo dende a primeira edición dos Premios Innovagal no curso 2020/2021. As prácticas que se recoñecen desenvolven enfoques didácticos e/ou organizativos que buscan dar resposta ás necesidades do alumnado, unhas necesidades que varían en función do seu contexto sociocultural, pero tamén en función dos cambios que, a nivel global, se están a experimentar na sociedade.

Estes cambios supoñen unha oportunidade para aplicar metodoloxías activas que sitúen ao alumnado como protagonista da súa propia aprendizaxe e que fomenten o traballo en equipo. Ademais, os retos aos que se enfrenta o alumnado hoxe inclúen a necesidade dunha educación pola sostibilidade, a loita contra o cambio climático e a igualdade, obxectivos vencellados todos eles aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030. Para logralos é preciso un traballo que implique a colaboración de varias disciplinas e que promova unha serie de melloras sostibles no





tempo, que podan ser replicadas noutros contextos educativos similares. A innovación educativa non se entende, por tanto, como unha acción puntual, e a presente convocatoria busca premiar proxectos coherentes que impliquen o compromiso de todo o centro educativo de forma global, e que busquen un impacto positivo no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

De acordo co anteriormente exposto,

RESOLVO:

Apartado 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto convocar os Premios educativos Innovagal e establecer as súas bases de participación para o ano 2024.

Apartado 2. Categorías de participación

Establécense dúas categorías de participación:

1. **Categoría A:** escolas de educación infantil, colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria e colexios de educación primaria.
2. **Categoría B:** centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros públicos de educación e promoción de persoas adultas.

Poderán concorrer os centros anteriormente citados que impartan e presenten proxectos vencellados ás ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación de persoas adultas e bacharelato.

Estes centros contarán cunha traxectoria de compromiso coa innovación educativa no desenvolvemento de iniciativas didácticas e/ou organizativas vencelladas a unha ou varias das liñas temáticas establecidas no **Anexo I**.

Apartado 3. Premios e dotación económica

1. O importe total destinado para esta convocatoria será de 40.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.06.423A.640.1 da Consellería de Cultura,





Educación, Formación Profesional e Universidades, dos orzamentos de 2024.

2. A distribución dos premios e os importes figuran na seguinte táboa:

Categoría	Premio	Importe
A	1º premio	10.000 €
	2º premio	6.000 €
	3º premio	3.000 €
	Mención de honra	1.000 €
B	1º premio	10.000 €
	2º premio	6.000 €
	3º premio	3.000 €
	Mención de honra	1.000 €
	Total	40.000€

3. A comisión poderá declarar deserto algún premio.

4. Este premio é compatible coa concesión de calquera outro do que sexan beneficiarios os centros participantes.

Apartado 4. Documentación

Para participar nesta convocatoria, cada centro docente deberá presentar a seguinte documentación:

1. Modelo de solicitude segundo o **Anexo II**.
2. Memoria descritiva segundo o modelo proposto no **Anexo III**.

A memoria será redactada en lingua galega, con tipografía Arial 11 e entreliñado de 1,5 puntos. Ocupará unha extensión máxima de 25 páxinas numeradas, incluída a portada, o índice e os anexos, se os houber. O documento deberá presentarse en formato PDF e nel poderanse incluír fotografías e gráficos en formato JPG ou PNG.





Se se inclúe algunha ligazón, o seu contido será valorado unicamente se constitúe unha evidencia gráfica da información incluída na redacción da memoria.

No caso de que se inclúan imaxes de menores, aportarase unha certificación segundo o modelo do **Anexo IV** na que conste que o centro conta con autorización para o uso desas imaxes asinada polo alumnado maior de 14 anos ou polas persoas representantes legais no caso de alumnado de idade inferior. Este documento será asinado pola persoa responsable da dirección do centro.

3. Vídeo de presentación da candidatura. O vídeo non superará os 3 minutos de duración e terá un tamaño máximo de 200 Mb.
4. Os premios certificados por unha administración educativa distinta a esta Consellería deberán estar debidamente acreditados mediante a achega da documentación pertinente. Só se considerarán os premios que mencionen de forma específica a innovación en materia educativa e que sexan concedidos por administracións educativas oficiais, como o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes ou as consellerías de Educación doutras comunidades autónomas.
5. Folla de autobarefacción de méritos alegados, segundo o modelo do **Anexo V**.

Apartado 5. Prazo e forma de presentación das solicitudes e documentación

1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación abrangue desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na web da consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) ata o mércores 31 de xullo de 2024.
2. As solicitudes xunto coa documentación indicada no apartado 4 dirixiranse ao Servizo de Innovación e Programas Educativos, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). No asunto do formulario deberá incluírse "Premios educativos Innovagal". Poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede





electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>). Aquelas solicitudes que foran dirixidas a outros organismos diferentes ao Servizo de Innovación e Programas Educativos e que non foran redirixidas a este no prazo contemplado no punto 1 deste apartado serán desestimadas.

3. O envío do vídeo realizarase exclusivamente a través do servizo Xuntarquivos (<https://xuntarquivos.xunta.es/enviar-arquivos.html>), dentro do prazo establecido no punto 1, e irá dirixido ao enderezo electrónico edu.innova@edu.xunta.gal. A opción da carga de arquivos mediante este servizo está limitada á Rede de Datos da Xunta de Galicia, polo que o envío deberá realizarse dende o centro educativo.
4. Cada centro, segundo a modalidade, presentará unha única solicitude acorde ao establecido no apartado 3.
5. Logo de finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe de candidaturas presentadas a esta convocatoria no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal>). Nesa mesma listaxe requirirase aos centros cuxa solicitude presente defectos formais ou omisión dalgún documento esixido para que, nun prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, emenden ou completen a documentación da súa solicitude mediante o procedemento indicado no apartado 5.2 desta resolución. De non facelo, daranse por desistidos da súa petición.

Apartado 6. Comisión de selección

1. A comisión de selección estará formada por:
 - a) Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.
 - b) Vogais: a persoa responsable da Xefatura de Servizo de Innovación e Programas Educativos; dúas persoas asesoras do Servizo de Innovación e Programas Educativos, unha das cales actuará como secretaria.
2. A comisión terá facultades para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das bases desta convocatoria.
3. Para a valoración das candidaturas, a comisión de selección poderá requirir aos solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios, visitas ao centro e a defensa pública da súa memoria descritiva.





4. A presidencia poderá convocar ás reunións da comisión, con voz pero sen voto, ás persoas expertas que estime conveniente para o asesoramento da mesma.
5. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración das candidaturas achegadas e na baremación.
6. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio.

Apartado 7. Criterios de valoración

Teranse en conta os programas, proxectos e premios en innovación educativa dende o curso 2018/19 ata o curso 2023/24.

Para a valoración dos méritos alegados, considerarase o baremo contido no **Anexo VI**.

Apartado 8. Resolución

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha proposta de resolución de concesión de premios que trasladará á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, quen ditará resolución.
2. A resolución de concesión de premios, na que se incluírán os centros seleccionados e o importe do premio asignado a cada un deles, publicarase no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal>.
3. O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de cinco meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
4. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante o conselleiro de





Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Apartado 9. Recoñecemento

Os centros premiados nesta convocatoria recibirán o distintivo de “Centro educativo Innovagal” que se exporá en lugar visible no centro e figurará na súa páxina web e na documentación impresa. Este recoñecemento terá unha vixencia de catro cursos escolares dende a publicación da resolución definitiva.

Apartado 10. Pagamento dos premios

O pagamento farase conforme ao seguinte procedemento:

1. As contías asignadas por estes premios serán transferidas aos centros nun único pagamento e no período correspondente ao exercicio económico 2024.
2. O importe concedido a cada centro premiado deberá destinarse a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables á participación do centro nas prácticas innovadoras obxecto do premio.
3. Os centros xustificarán os gastos de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios e na orde de 12 de xaneiro de 1988, pola que se regula a aprobación e xustificación de gastos de funcionamento dos centros docentes públicos non universitarios, no que non se opoña ao mesmo segundo establece a disposición transitoria do mencionado decreto. A xustificación consiste na presentación da xestión do orzamento referida ao 31 de decembro de 2024, informada polo Consello Escolar ou Consello Social do centro e aprobada polo/a director/a mediante o anexo a) segundo o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
4. As facturas, así como os seus xustificantes de pagamento, deberán quedar debidamente arquivados na secretaría do centro.
5. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá solicitar información sobre os custos específicos derivados desta resolución, polo que estes gastos deberán estar perfectamente identificados



na contabilidade do centro.

Apartado 11. Difusión

A presentación a esta convocatoria implicará o compromiso dos centros premiados na participación nas accións de difusión, así como a cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos permisos de difusión dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento das prácticas innovadoras.

No caso de que os/as autores/as decidisen publicar os traballos premiados por outras vías, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio concedido.

Apartado 12. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a aceptación expresa das presentes bases reguladoras.

Apartado 13. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades - coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a norma que a desenvolve, no propio formulario do anexo II e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.
3. A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais.
4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao



descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os datos de contacto coa persoa delegada de protección de datos están accesibles no seguinte enderezo <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa





ANEXO I
LIÑAS TEMÁTICAS

1. Ámbito lingüístico e social
Iniciativas no ámbito das humanidades e das ciencias sociais: arte, música, historia, filosofía, economía, etc.
Programas de Plurilingüismo. Competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras. Tratamento Integrado das Linguas.
2. Ámbito científico-tecnolóxico e matemático
Educación dixital. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais.
Iniciativas no ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-enseñaría-matemáticas).
3. Escolas saudables e abertas á contorna
Promoción de estilos e hábitos de vida saudables: vida activa, alimentación saudable, prevención de condutas aditivas e/ou de risco para a saúde, etc.
Deseño de espazos educativos. Dimensión educativa dos espazos do centro educativo. Mobilidade sostible e segura no entorno escolar.
Sostibilidade e concienciación ambiental
Educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía global
Colaboración coa contorna. Escolas abertas. O centro escolar fóra do horario lectivo.





ANEXO II

PROCEDEMENTO PREMIOS EDUCATIVOS INNOVAGAL	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--------------------------------

CATEGORÍA POLA QUE SE PRESENTA (marque o que corresponda)

<input type="radio"/> Categoría A	
<input type="radio"/> Categoría B	

DATOS DO CENTRO

CENTRO EDUCATIVO	CÓDIGO DO CENTRO	CIF			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
TIPO VÍA	NOME DA VÍA	NÚM	BLOQ	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

DATOS DA PERSOA DIRECTORA DO CENTRO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

<input type="checkbox"/> Memoria descriptiva
<input type="checkbox"/> Certificación da autorización do uso das imaxes dos menores (anexo IV)
<input type="checkbox"/> Vídeo presentación da candidatura. Enviarase a ligazón correspondente ao correo edu.innova@edu.xunta.gal a través do servizo Xuntarquivos (http://xuntarquivos.xunta.es/enviar-arquivos.html)
<input type="checkbox"/> Folla de autobarefacción (anexo V)





ANEXO II (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá. O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina
Lexitimación para o tratamento	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais .

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convocan os premios educativos Innovagal para o profesorado e os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia durante o curso escolar 2022/23

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

	,		de		de	2024	
--	---	--	----	--	----	------	--

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa





ANEXO III

MODELO DE MEMORIA DESCRIPTIVA

PORTADA (número máximo de páxinas 1)

Terá que incluír os seguintes datos de xeito obrigatorio:

- Título.
- Categoría de participación.
- Código do centro.
- Nome do centro, concello e provincia.

ÍNDICE (número máximo de páxinas 1)

Terá que estar paxinado.

1. CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO DO CENTRO (número máximo de páxinas 2)

Neste apartado describirase o contexto socioeducativo que xustifica o desenvolvemento das accións realizadas para o fomento da innovación educativa.

Poderá incluír os seguintes datos:

- Historia do centro e da súa contorna.
- Número de grupos e alumnado e persoal que presta os seus servizos no centro educativo.
- Participación en plans, programas e proxectos de innovación educativa que se estean a desenvolver, o xa se desenvolveran, nos últimos cursos con especial fincapé nos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Breve descrición e porcentaxe de profesorado e, de ser o caso, alumnado ou outros membros da comunidade educativa ou da contorna que estea a desenvolver ou desenvolvera accións que favorezan a innovación educativa.

2. AVALIACIÓN INICIAL OU PUNTO DE PARTIDA

Avaliación inicial da situación que se pode facer a través dunha análise DAFO ou ben unha detección das necesidades mediante outra metodoloxía.

De ser o caso, tamén se salientarán neste punto, a efectos de contextualización, as boas prácticas realizadas nos cinco cursos inmediatamente anteriores coa repercusión das mesmas na comunidade educativa.





3. DESCRICIÓN DAS BOAS PRÁCTICAS DESENVOLVIDAS ATA O CURSO 2023/24

Neste apartado describirase o proxecto ou o conxunto de actuacións realizadas no ámbito da innovación educativa e levadas a cabo ata o curso 2023/24.

Os puntos que se deberán incluír son os seguintes:

- Título.
- Obxectivo ou obxectivos.
- Descrición das actuacións. Suxírense a efectos meramente orientativos:
 - Accións, procedementos e recursos (presenciais e/ou virtuais) empregados para desenvolver o proxecto, sinalando os ámbitos onde se traballou: coñecemento doutras realidades, participación da comunidade escolar, creación de materiais (tanto virtuais como funxibles...).
 - Descrición dos cambios que, a nivel organizativo, pedagóxico e programático se adoptaron no centro e/ou na aula para o desenvolvemento do proxecto.
 - Cronograma do conxunto das actuacións realizadas no marco do proxecto presentado.
 - Descrición da implicación da comunidade educativa e contorna do centro nas actuacións desenvolvidas: do profesorado, do alumnado, das familias, doutro persoal e instancias externas ao centro (institucións e entidades colaboradoras) que participaron na súa planificación e/ou desenvolvemento. Relación completa do profesorado participante, indicando nivel educativo, cargo e responsabilidade nas actuacións ou actuacións, se procede. Así mesmo, indicar o número de membros do claustro que participan nos PFPPs do centro relacionados coas accións en materia de innovación educativa recollidas na memoria.
 - Repercusión na comunidade educativa (claustro, familias, concello, ONG, asociacións, etc.) das actuacións desenvolvidas pola candidatura proposta.
 - Avaliación dos resultados acadados co desenvolvemento do proxecto. Achegaranse os indicadores utilizados para medir estes resultados.
 - Propostas de mellora para o futuro partindo do traballo realizado.
 - Accións de difusión e visibilidade das actuacións realizadas dentro do proxecto. Pódense destacar neste punto: a presenza nos medios de comunicación, nas redes sociais, publicacións, exposicións, etc. Achegaranse as ligazóns e outras evidencias.



ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXE DE MENORES

Don/Dona

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

NIF

Como persoa responsable da dirección do centro

con código , declaro baixo a miña responsabilidade que o centro conta coa autorización para o uso das imaxes do alumnado maior de 14 anos firmada polo mesmo ou polos seus titores legais no caso de que non cumpran dita idade.

Sinatura da persoa responsable da dirección do centro

Lugar e data

 , de de 



ANEXO V

AUTOBAREMACIÓN: FORMACIÓN E PROGRAMAS, PROXECTOS E PREMIOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Centro:	Código de centro:	Categoría:
---------	-------------------	------------

É preciso enumerar todos os méritos que se alegan en cada apartado e incluír para cada un: curso escolar, código (se o houber), título e puntuación. Un mesmo mérito só se valorará nun dos apartados.

DESENVOLVEMENTO DE PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO (PFPP)			
Curso escolar	Código	Título	Puntuación
...
Puntuación total (ata 14 puntos):			





PROGRAMAS E PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Participación en programas e / ou proxectos de innovación educativa desta consellería, relacionados coas prácticas innovadoras descritas no apartado 3 do Anexo III.

Curso escolar	Código	Título	Puntuación
...
Puntuación total (ata 10 puntos):			





PREMIOS		
Premios a centros docentes de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados polo Ministerio competente en materia educativa ou polas administracións educativas relativos ás accións desenvolvidas e explicadas no punto 3 do Anexo III. Achegarase documento acreditativo.		
Curso escolar	Título	Puntuación (0,5 puntos por premio)
...
Puntuación total (ata 6 puntos):		

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos todos os méritos que se inclúen neste documento

Data:

Sinatura da persoa solicitante:





ANEXO VI

Baremo

1. Formación, proxectos e premios de innovación educativa, ata 30 puntos		
	a) 2,33 puntos por cada ano de desenvolvemento do PFPP independentemente do número de modalidades	Ata 14 puntos
	b) 1 punto por cada convocatoria na que se participe dentro dos programas e proxectos de innovación convocados por esta consellería	Ata 10 puntos
	c) Premios a centros docentes de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados polo Ministerio competente en materia educativa ou polas administracións educativas relativos ás accións desenvolvidas e explicadas no punto 3 do Anexo III	Ata 6 puntos
2. Carácter innovador, ata 30 puntos		
	a) Desenvolvemento de iniciativas que buscan detectar e dar solucións ás necesidades propias da súa comunidade educativa	Ata 15 puntos
	b) Integración de metodoloxías innovadoras. Valoraranse todos aqueles aspectos que describan accións concretas e metodoloxías aplicadas	Ata 15 puntos
3. Impacto na comunidade educativa, ata 30 puntos		
	a) Indicadores que permiten valorar a mellora que se produciu no centro ou na aula como consecuencia do desenvolvemento das prácticas innovadoras	Ata 15 puntos
	b) Nivel de implicación dos membros do claustro e/ou demais integrantes da comunidade educativa (familias, institucións, concello, etc) e repercusión no contexto social próximo	Ata 15 puntos
4. Transferibilidade ou posibilidade de aplicación das prácticas a outros centros de característica similares, ata 5 puntos		
	a) Condicións do centro educativo similares aos de calquera outro centro de tipoloxía similar	Ata 3 puntos
	b) As prácticas innovadoras implican a distintos docentes e non dependen dunha única persoa	Ata 2 puntos
5. Difusión das prácticas nos medios de comunicación, redes sociais, publicacións, exposicións, etc., ata 5 puntos		

